# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019 - 2020

CENTRO: IES RAMÓN CABANILLAS (CAMBADOS)
DEPARTAMENTO: MÚSICA
CURSOS: DE 1º A 4º ESO. 1º E 2º DE BACHARELATO
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

**1º DE ESO** ........................................................................ **2**

**2º DE ESO** ........................................................................ **4**

**3º DE ESO** ........................................................................ **7**

**4º DE ESO** ........................................................................ **11**

**1º DE BACHARELATO** ........................................................................ **14**

**2º DE BACHARELATO** ........................................................................ **17**

# 1º DE ESO

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles en 1º ESO | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.1 Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios | OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas. |
| B1.7 Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical. | OMB1.7.1 Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais |
| B1.10 Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros. | OMB1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos. |
| B2.3 Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | OMB2.3.1 Segue partituras sinxelas como apoio á audición. |
| B3.2 Amosar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | OMB3.2.1 Amosa interese por coñecer distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando delas como oínte. |
| B4.1 Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles, amosando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar e reproducir. | OMB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical |

| 2. Avaliación e cualificación en 1º ESO | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: para o periodo do confinamento do alumnado de Obradoiro de Música de 1º de ESO, non se establecen outros procedementos máis cá posibilidade de subir nota mediante a entrega dunha gravación musical (ata 1,5 ptos).<br><br>Dáselle ó alumnado a posibilidade de elixir unha calquera de tódalas cancións propostas ó longo do confinamento, e de que se graven interpretándoa sobre a base de audio de acompañamento proporcionada xunto con cada peza. Teñen liberdade para elixir tocala cun instrumento ou canta-las notas. |

| | |
|---|---|
| | Instrumentos: gravación de vídeo enviada ó correo da Profesora.<br><br>A gravación avaliarase conforme a seguinte rúbrica: |

| | Nada | Pouco | Bastante | Ben |
|---|---|---|---|---|
| Mantén o pulso | | | | |
| Respeta a duración das figuras rítmicas e dos silencios | | | | |
| Toca/canta as notas reais | | | | |
| Toca a peza enteira sen cortes | | | | |

| | |
|---|---|
| **Cualificación final** | Media aritmética das avaliacións anteriores, con posibilidade de subir ata 1 punto coa entrega dunha gravación dunha interpretación musical do alumno, avaliada conforme á rúbrica anterior. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | NON HAI SUSPENSOS |
| **Alumnado de materia pendente** | NON HAI |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) en 1º ESO** | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ REPASO E REFORZO. Cada semana, traballar unha peza musical proposta. A actividade consiste en ler ritmicamente a partitura, entoa-las notas, entoala respetando o ritmo, e por último tocala co instrumento que cada alumno ou alumna elixa. |
| **Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)** | O alumnado accede a este material por medio da Aula Virtual, e comunícase coa Profesora mediante o correo electrónico para resolver dúbidas ou dificultades. A principal canle de comunicación neste curso é non obstante a través dos seus titores, dado que se trata de alumnado de curta idade con pouca autonomía, e que ademais acaba de comezar nova etapa no instituto. Tódolos cambios que implicou a suspensión das clases véñenselles sumar ós do cambio de etapa educativa (que neste centro inclúe ademais o uso de libro electrónico). |
| **Materiais e recursos** | ▪ Sitio web onde un equipo de docentes de Música subimos as partituras cada semana. A partitura vai acompañada dunha base de audio sobre a que poden |

| | |
|---|---|
| | tocar, así como unha gravación da peza orixinal, e un pequeño texto de contextualización da peza.<br>▪ Aula Virtual do centro e correo electrónico.<br>▪ Ordenador e conexión a internet da propia Profesora. Editor de partituras e de audio, e instrumentos da Profesora. |

| **4. información e publicidade en 1º ESO** | |
|---|---|
| **Información ó alumnado e ás familias** | Estaremos en contacto continuo cos titores e titoras dos grupos. A maiores, publicaremos os anuncios nas plataformas proporcionadas pola Xunta e anteriormente sinaladas, por correo electrónico. |
| **Publicidade** | Ademais da publicidade nas distintas plataformas e do contacto directo por correo electrónico ou móbil, publicaremos os anuncios na páxina web do centro. |

## 2º DE ESO

| **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles en 2º ESO** | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| ▪B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.<br>▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. |
| ▪B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e DISTINGUE a de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| ▪B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. |
| ▪B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación. | ▪MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. |

| | |
|---|---|
| ▪B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | ▪MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.<br>▪MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. |
| ▪B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | ▪MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.<br>▪MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. |
| ▪B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. |
| ▪B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | ▪MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. |

## 2. Avaliación e cualificación en 2º ESO

**Avaliación**

Procedementos:

▪ As tarefas teóricas serán sempre de repaso, reforzo ou ampliación dos conceptos xa traballados en clase. Intentarase buscar as opcións máis lúdicas e interactivas, e non só os textos puramente teóricos.
▪ Propoñeremos a interpretación de partituras, sempre con resolución de dúbidas por métodos electrónicos, onde o obxectivo final será a gravación nun arquivo de son do alumnado interpretando esa partitura no instrumento elixido.

Instrumentos:
▪ A parte teórica será obxecto dunha autoavaliación.
▪ Na parte práctica, o alumnado deberá enviar a interpretación das partituras propostas nunha gravación, a partir da cal se corrixirán os posibles erros e se irán reforzando os conceptos teóricos e prácticos.

▪A gravación avaliarase conforme a seguinte rúbrica (ata un 10% da nota final):

| | Nada | Pouco | Bastante | Ben |
|---|---|---|---|---|
| Mantén o pulso | | | | |
| Respeta a duración das figuras rítmicas e dos silencios | | | | |
| Toca/canta as notas reais | | | | |
| Toca a peza enteira sen cortes | | | | |

| | |
|---|---|
| **Cualificación final** | ▪A cualificación final obterase por medio da ponderación dos resultados da primeira e segunda avaliacións, co valor de 40% para a primeira e 60% para a segunda, podendo mellorar a nota final ata nun 10% mediante a realización das tarefas da terceira avaliación. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Consistirá en:<br><br>▪ Realizar exercicios escritos sobre os contidos do curso, respondendo a preguntas en soporte escrito ou audiovisual. 40% da cualificación.<br><br>▪ Interpretar 3 pezas elixidas entre as vistas durante o curso ou durante o confinamento, polo menos unha dela coa voz lendo as notas. 60% da cualificación. |
| **Alumnado de materia pendente** | NON HAI |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) en 2º ESO** | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ Actividades teóricas sobre a plataforma E-dixgal ou en sitios web interactivos e máis lúdicos, tendo como base as fichas en papel postas a disposición do alumnado xa no 1º e 2º trimestres.<br><br>▪ Actividades prácticas de interpretación de partituras de grupos contemporáneos ou da música popular. |
| **Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)** | Esta situación non nos permite manter a metodoloxía activa e participativa da materia, pero intentaremos que as tarefas propostas non perdan esa esencia, que sexan lúdicas e se centren na práctica interpretativa das partituras, e que desperten o interese do alumnado pola música.<br><br>No caso do alumnado sen conectividade, intentaremos ofrecer eses mesmos obxectivos mediante outro tipo de soporte. |
| **Materiais e recursos** | Os materiais principais serán os proporcionados pola Xunta: a plataforma E-dixgal e a Aula Virtual do centro.<br>Para o alumnado sen conectividade ou sen posibilidade de acceso a estas plataformas, utilizaremos, segundo o caso, aplicacións de teléfono móbil, ou o servizo de reprografía ofrecido polo Concello de Cambados.<br><br>Sitio www.musicaviral.weebly.com, onde un equipo de docentes de Música da COAEM fomos subindo partituras cada semana dende que comezou este |

| | |
|---|---|
| | confinamento. Cada partitura vai acompañada dunha base de audio sobre a que poden tocar, así como unha gravación da peza orixinal, e un pequeño texto de contextualización da peza.<br>Outros sitios web que ofrezan partituras con base de audio para poder interpretalas. |

| 4. información e publicidade en 2º ESO | |
|---|---|
| **Información ó alumnado e ás familias** | Estaremos en contacto continuo cos titores e titoras dos grupos. Publicaremos os anuncios nas plataformas proporcionadas pola Xunta e anteriormente sinaladas, por correo electrónico, e manteremos un contacto por medio de aplicacións de telefonía móbil, dado que parece ser o sistema máis directo e efectivo de contacto. |
| **Publicidade** | Ademais da publicidade nas distintas plataformas e do contacto directo por correo electrónico ou móbil, publicaremos os anuncios na páxina web do centro. |

## 3º DE ESO

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles en 3º ESO | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.) |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación~~,~~ ~~aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.~~ | ▪MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>▪MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br>▪MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. |

| | |
|---|---|
| | ▪MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados ~~na exposición ante un público~~. |
| B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros. | ▪MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. |
| B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición. |
| B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical | ▪MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes |
| B3.4. Distinguir, situar e caracterizar ALGUNHAS Das grandes épocas da historia da música. | ▪MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ALGUNHAS DAS épocas da historia da música e as tendencias musicais. |
| ▪B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música. | ▪MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. |
| B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. | ▪MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>▪MUB4.1.2. Participa en ~~todos os~~ aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |
| B4.2.Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |

| **2. Avaliación e cualificación en 3º ESO** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: a avaliación farase sobre as actividades que se foron propoñendo durante o terceiro trimestre:<br><br>▪ Exercicios de repaso e de ampliación dos contidos teóricos, de carácter lúdico, en en formato de pasatempos ou cuestionarios interactivos, e nos que se acada unha puntuación.<br><br>▪ O alumnado ten a posibilidade de elixir unha das cancións propostas todo ó longo do confinamento, e de que se graven interpretándoa sobre a base de audio de acompañamento proporcionada xunto con cada peza. Teñen liberdade para elixir instrumento ou para canta-las notas. |

Instrumentos:

▪ Pasatempos e cuestionarios interactivos sobre diversos contidos da parte histórica e de Linguaxe Musical do curso.
▪ Banco de partituras semanal para que toquen e canten. Dáselle ó alumnado a posibilidade de enviar unha gravación de vídeo ó correo da Profesora para subir nota.

▪A gravación avaliarase conforme a seguinte rúbrica (ata un 10% da nota final):

| | Nada | Pouco | Bastante | Ben |
|---|---|---|---|---|
| Mantén o pulso | | | | |
| Respeta a duración das figuras rítmicas e dos silencios | | | | |
| Toca/canta as notas reais | | | | |
| Toca a peza enteira sen cortes | | | | |
| Respeta a articulación básica (ligar/picar notas onde se requira) | | | | |

| | |
|---|---|
| **Cualificación final** | Media aritmética das avaliacións anteriores, con posibilidade de sumar ata 2 puntos polo traballo desenvolvido no 3º trimestre:<br><br>▪ Ata 1 punto pola resolución dos exercicios antes nomeados.<br>▪ Ata 1 punto pola entrega dunha gravación, interpretando correctamente algunha das pezas musicais propostas durante o confinamento, co instrumento elixido. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Consistirá en:<br><br>▪ Realizar exercicios escritos sobre os contidos do curso, tanto dos do periodo presencial como sobre os de ampliación do periodo de confinamento, respondendo a preguntas en soporte escrito ou audiovisual. 50% da cualificación.<br><br>▪ Interpretar 3 pezas elixidas entre as vistas durante o curso ou durante o confinamento, polo menos unha dela coa voz lendo as notas. 50% da cualificación. |
| **Alumnado de materia pendente** | NON HAI |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) en 3º ESO** | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ Exercicios de repaso, reforzo e ampliación: tomados de fichas en papel que xa tiñan das clases, con exercicios e definicións de Linguaxe Musical (isto foi rematado no 2º trimestre, xa durante o confinamento). |

| | |
|---|---|
| | ▪ Reforzo e ampliación: cada semana dende a suspensión das clases, traballar unha ou dúas pezas coa voz e cos instrumentos.<br>A actividade consiste en ler ritmicamente a partitura, entoa-las notas, entoar respetando o ritmo, e por último tocala co instrumento que cada alumno ou alumna elixa.<br><br>▪ Repaso e ampliación: cuestionarios e pasatempos sobre conceptos de Linguaxe Musical e de Historia da Música (periodos da Idade Media e do Renacemento).<br>Realizados con Hot Potatoes ou en Moodle, outros de Educaplay (existentes ou elaborados pola Profesora e enlazados na Aula Virtual; con acceso de Convidados sen dar datos persoais á plataforma, e permitindo recolle-la puntuación obtida por cada alumno). Algunhas partes das actividades implican ler pequenos textos nos que se aportan algúns conceptos novos, combinados cos xa coñecidos. |
| **Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)** | ▪ O alumnado accede a este material por medio da Aula Virtual, e comunícase coa Profesora mediante o correo electrónico para resolver dúbidas ou dificultades.<br>▪ En casos puntuais, envíase mediante as titoras algún traballo ou comunicado ó alumnado que non posúe conectividade e non pode traballar na Aula Virtual. |
| **Materiais e recursos** | ▪ Sitio www.musicaviral.weebly.com, onde un equipo de docentes de Música da COAEM fomos subindo partituras cada semana dende que comezou este confinamento. Cada partitura vai acompañada dunha base de audio sobre a que poden tocar, así como unha gravación da peza orixinal, e un pequeño texto de contextualización da peza.<br>▪ Plataforma de contidos lúdicos educativos de Educaplay, orixinais ou xa elaborados. Plataforma Moodle e programa Hot Potatoes.<br><br>▪ Equipo informático, conexión a internet e instrumentos musicais propios.<br>▪ Aula Virtual do Centro e correo electrónico e teléfono privados.<br>▪ Programas editores de audio, texto e partituras. |

| **4. información e publicidade en 3º ESO** | |
|---|---|
| **Información ó alumnado e ás familias** | ▪ Comunicación mediante correo electrónico con reforzo a través das titoras de 3º de ESO. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

## 4º DE ESO

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles en 4º ESO | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| ▪ B1.1. Ensaiar e interpretar, DE XEITO INDIVIDUAL, unha peza vocal ou instrumental, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | ▪MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, ~~colabora co grupo e respecta as regras fixadas~~ para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. |
| ▪ B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas. | ▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. |
| ▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais. | ▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. |
| ▪ B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias. | ▪ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.<br>▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. |
| ▪ B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. | ▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. |
| ▪B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural. | ▪MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.<br>▪MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. |
| ▪B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual | ▪MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.<br>▪MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara |
| ▪B4.2. Aplicar as técnicas de gravación ~~analóxica~~ e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións ~~realizadas no contexto da aula~~ e outras mensaxes musicais. | ▪MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación en 4º ESO</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos: a avaliación farase sobre as actividades que se foron propoñendo durante o terceiro trimestre:<br><br>▪ Exercicios de repaso e de ampliación dos contidos teóricos, de carácter lúdico, en en formato de pasatempos ou cuestionarios interactivos, e nos que se acada unha puntuación.<br><br>▪ O alumnado ten a posibilidade de elixir unha das cancións propostas todo ó longo do confinamento, e de que se graven interpretándoa sobre a base de audio de acompañamento proporcionada xunto con cada peza. Teñen liberdade para elixir instrumento ou para canta-las notas.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>▪ Pasatempos e cuestionarios interactivos sobre diversos contidos da parte histórica da materia, da de músicas populares, e de Linguaxe Musical do curso.<br>▪ Entrega de exercicios mediante o correo electrónico.<br>▪ Gravación de vídeo cunha interpretación musical ó correo da Profesora para subir nota.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Media aritmética das avaliacións anteriores, con posibilidade de sumar ata 2 puntos polo traballo desenvolvido no 3º trimestre:<br><br>▪ Ata 1 punto pola resolución dos exercicios antes nomeados.<br>▪ Ata 1 punto pola entrega dunha gravación, interpretando correctamente algunha das pezas musicais propostas durante o confinamento, co instrumento elixido.<br>▪A gravación avaliarase conforme a seguinte rúbrica (ata un 10% da nota final):<br><br>
<table>
<tr><th></th><th>Nada</th><th>Pouco</th><th>Bastante</th><th>Ben</th></tr>
<tr><td>Mantén o pulso</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Respeta a duración das figuras rítmicas e dos silencios</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Toca/canta as notas reais</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Toca a peza enteira sen cortes</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Respeta a articulación básica (ligar/picar notas onde se requira)</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
</table></td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>Consistirá en:<br><br>▪ Realizar exercicios escritos sobre os contidos do curso, tanto dos do periodo presencial como sobre os de ampliación do periodo de confinamento, respondendo a preguntas en soporte escrito ou audiovisual. 50% da cualificación.<br><br>▪ Interpretar 3 pezas elixidas entre as vistas durante o curso ou durante o confinamento, polo menos unha dela coa voz lendo as notas. 50% da cualificación.</td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>NON HAI</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) en 4º ESO | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ Exercicios de repaso, reforzo e ampliación: en fichas que xa tiñan en papel das clases, con exercicios e definicións de Linguaxe Musical (isto foi rematado no 2º trimestre, xa durante o confinamento).<br><br>▪ Reforzo e ampliación: cada semana dende a suspensión das clases, traballar unha ou dúas pezas coa voz e cos instrumentos.<br>A actividade consiste en ler ritmicamente a partitura, entoa-las notas, entoar respetando o ritmo, e por último tocala co instrumento que cada alumno ou alumna elixa.<br>▪ Repaso e ampliación: cuestionarios e pasatempos sobre conceptos de Linguaxe Musical e de Contextos Musicais (periodos do Barroco e do Clasicismo, e sobre as músicas populares do século XX ata hoxe). Algunhas partes das actividades implican ler pequenos textos nos que se aportan algúns conceptos novos, combinados cos xa coñecidos. |
| **Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)** | ▪ O alumnado accede a todo este material por medio da Aula Virtual, e comunícase coa Profesora mediante o correo electrónico para resolver dúbidas ou dificultades.<br>▪ Neste nivel non hai alumnado sen conectividade, e todos poden traballar na Aula Virtual. Pero si que se apreciou unha caída no número de alumnos que continúan a segui-las clases, especialmente a partir da Semana Santa. |
| **Materiais e recursos** | ▪ Os cuestionarios e pasatempos foron realizados pola Profesora con Hot Potatoes ou en Moodle, outros da plataforma Educaplay (elaborados pola Profesora ou tomados da plataforma); todos eles enlazados na Aula Virtual, permitindo recolle-la puntuación obtida por cada alumno.<br>▪ As partituras para a práctica musical foron tomadas de diferentes bancos de partituras e métodos de linguaxe musical, todas acompañadas dunha base de audio, gravación da peza orixinal e un pequeno texto de contextualización da peza.<br><br>▪ Equipo informático, conexión a internet e instrumentos musicais propios.<br>▪ Aula Virtual do Centro, correo electrónico e teléfono privados.<br>▪ Programas editores de audio, texto e partituras. |

| 4. información e publicidade en 4º ESO | |
|---|---|
| **Información ó alumnado e ás familias** | Comunicación mediante correo electrónico con reforzo a través dos titores de 4º de ESO, e do teléfono nalgún caso. |

| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |
|---|---|

# 1º DE BACHARELATO

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles en 1º de Bacharelato | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| ▪B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ~~ou conxunta~~mente, unha melodía ou unha canción con acompañamento. | ▪LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura. |
| ▪B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas. | ▪LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz OU MEDIANTE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO AUDITIVO. |
| ▪B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as característicos das obras escoitadas ou interpretadas. | ▪LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, ~~cadenciais~~, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.<br>▪LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.<br>▪LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.<br>▪LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.<br>▪LPMB2.2.5. Describe as característicos das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada. |
| ▪B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | ▪LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. |
| ▪B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. | ▪LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.<br>▪LPMB.3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.<br>▪LPMB.3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. |
| ▪B4.3. Interpretar ~~de memoria~~, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, | ▪LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. |

| | |
|---|---|
| ~~valorando as achegas do grupo~~ e desenvolvendo o espírito crítico. | |
| ▪B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son. | ▪LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. |

| **2. Avaliación e cualificación en 1º de Bacharelato** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: a avaliación farase sobre as actividades que se foron propoñendo durante o terceiro trimestre:<br><br>▪ Exercicios de repaso e de ampliación dos contidos teóricos en formato de cuestionarios interactivos ou non, e nos que se acada unha puntuación.<br><br>▪ O alumnado ten a posibilidade de elixir unha das cancións propostas todo ó longo do confinamento para o seu nivel, e de que se graven interpretándoa sobre a base de audio de acompañamento proporcionada xunto con cada peza. Teñen liberdade para elixir instrumento ou para canta-las notas. |
| | Instrumentos:<br>▪ Cuestionarios interactivos ou non, e pasatempos sobre diversos contidos da materia.<br>▪ Gravación de vídeo cunha interpretación musical para subir nota.<br><br>A gravación avaliarase conforme a seguinte rúbrica (ata un 10% da nota final): |
| **Cualificación final** | Media aritmética das avaliacións anteriores, con posibilidade de sumar ata 2 puntos polo traballo desenvolvido no 3º trimestre:<br><br>▪ Ata 1 punto pola resolución dos exercicios.<br>▪ Ata 1 punto pola entrega dunha gravación, interpretando correctamente algunha das pezas musicais propostas durante o confinamento, co instrumento elixido. |
| | Consistirá en: |

Rúbrica:

| | **Nada** | **Pouco** | **Bastante** | **Ben** |
|---|---|---|---|---|
| Mantén o pulso | | | | |
| Respeta a duración das figuras rítmicas e dos silencios | | | | |
| Toca/canta as notas reais | | | | |
| Toca a peza enteira sen cortes | | | | |
| Respeta a articulación básica (ligar/picar notas onde se requira) | | | | |

| | |
|---|---|
| **Proba extraordinaria de setembro** | ▪ Realizar exercicios escritos sobre os contidos do curso, tanto dos do periodo presencial como sobre os de ampliación do periodo de confinamento, respondendo a preguntas en soporte escrito ou audiovisual. 50% da cualificación.<br><br>▪ Interpretar 3 pezas elixidas entre as vistas durante o curso ou durante o confinamento, polo menos unha dela coa voz lendo as notas. 50% da cualificación. |
| **Alumnado de materia pendente** | NON HAI |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) en 1º de Bacharelato** | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ Exercicios de repaso, reforzo e ampliación: en fichas que xa tiñan en papel das clases, con exercicios e definicións de Linguaxe Musical (isto foi rematado e entregado no 2º trimestre, xa durante o confinamento).<br><br>▪ Reforzo e ampliación: traballar unha peza do seu nivel, coa voz e cos instrumentos, que a Profesora sobe semanalmente á Aula Virtual (nalgunha ocasión, dúas partituras por semana).<br>A actividade consiste en ler ritmicamente a partitura, entoa-las notas, entoar respetando o ritmo, e por último tocala co instrumento que cada alumno ou alumna elixa.<br>▪ Repaso e ampliación: cuestionarios, exercicios e pasatempos sobre conceptos de Linguaxe Musical. Algunhas partes das actividades implican ler pequenos textos nos que se aportan algúns conceptos novos, combinados cos xa coñecidos. |
| **Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)** | ▪ O alumnado accede a todo este material por medio da Aula Virtual, e comunícase coa Profesora mediante o correo electrónico para resolver dúbidas ou dificultades. En ocasións moi puntuais hai comunicación telefónica con algúns alumnos ou via Whatsapp.<br>▪ Neste nivel non hai alumnado sen conectividade, algúns si teñen non obstante certas dificultades (conexión a internet feble ou non dispor de ordenador para traballar comodamente). Todos poden acceder á Aula Virtual e ó correo.<br>▪ Neste grupo houbo un alto número de alumnos que non deron sinais de vida en todo o confinamento por vontade propia: o 50% nunca, cerca dun 25% pouco, e cerca dun 25 % segue as actividades. |
| | ▪ Cuestionarios de elaboración propia ou xa existentes, pasatempos. Realizados pola Profesora con Hot Potatoes ou en Moodle, outros da plataforma Educaplay (elaborados pola Profesora ou tomados da plataforma); todos eles enlazados na Aula Virtual, permitindo recolle-la puntuación obtida por cada alumno. |

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | ▪ As partituras para a práctica musical foron tomadas de diferentes bancos de partituras e métodos de linguaxe musical, todas acompañadas dunha base de audio, gravación da peza orixinal e un pequeno texto de contextualización da peza.<br>▪ Equipo informático, conexión a internet e instrumentos musicais propios.<br>▪ Aula Virtual do Centro, correo electrónico e teléfono privados.<br>▪ Programas editores de audio, texto e partituras. |

| **4. información e publicidade en 1º de Bacharelato** | |
|---|---|
| **Información ó alumnado e ás familias** | Comunicación mediante correo electrónico con reforzo a través dos titores de 1º de Bacharelato, e do teléfono nalgún caso. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

## 2º DE BACHARELATO

| **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles en 2º de Bacharelato** | |
|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** |
| Bloque 1. Percepción, análise e documentación | |
| ▪B1.1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada. | ▪HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela<br>▪HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.<br>▪HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios |
| ▪B1.2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas | ▪HDMB1.2.1.Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.<br>▪HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.<br>▪HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico. |

| | |
|---|---|
| ▪B1.3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das é p o c a s , o s e s t i l o s o u o s / a s a u t o r e s / a s m á i s representativos/as da historia da música e da danza. | ▪ HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.<br>▪HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. |
| ▪B1.4. Analizar textos relativos á música ou á danza. | ▪HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. |
| Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo | |
| ▪B6.1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. | ▪HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.<br>▪HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. |
| ▪B6.2. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período. | ▪HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias q u e, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. |
| Bloque 7. Primeiras tendencias modernas | |
| ▪B7.1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. | ▪HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.<br>▪HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período. |
| ▪B7.2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período. | ▪HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias q u e, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos. |

| **2. Avaliación e cualificación en 2º de Bacharelato** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: a avaliación farase sobre as actividades que se foron propoñendo durante o terceiro trimestre:<br><br>▪ Exercicios de repaso e de ampliación dos contidos teóricos en formato de cuestionarios e exercicios, nos que se acada unha puntuación. |

<table>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>▪ Entrega de comentarios e exercicios sobre audición de obras dos diferentes periodos estudados.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>▪ Cuestionarios interactivos ou non, e actividades sobre diversos contidos da materia.<br>▪ Comentarios e exercicios sobre obras dos periodos estudados.<br><br>Para avaliar os comentarios de obras propostas empregarase a seguinte rúbrica:
<table>
<tr><td>Identificación da obra, cronoloxía e período artístico detallado.</td><td>33% da cualificación</td></tr>
<tr><td>Descrición do seu xénero, a súa interpretación identificando as voces e instrumentos (e o idioma, se procede), e se é relixiosa ou profana.</td><td>33% da cualificación</td></tr>
<tr><td>Características compositivas: estas características serán relativas ó seu ritmo, textura, estrutura, e calesquera outros aspectos destacables.</td><td>33% da cualificación</td></tr>
<tr><td>A lonxitude de cada comentario deberá ser de 3/4 decarilla por cada obra, aproximadamente.</td><td>Orientación para o alumnado</td></tr>
<tr><td>Copiar literalmente ou incluír datos que non se podan defender resta puntuación.</td><td>Resta 10% cada plaxio ou dato non defendible</td></tr>
</table>
</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Media aritmética das avaliacións anteriores, con posibilidade de sumar ata 2 puntos polo traballo desenvolvido no 3º trimestre:<br><br>▪ Ata 1 punto pola resolución dos exercicios propostos.<br>▪ Ata 1 punto pola entrega do comentario de audicións dos periodos e xéneros estudados neste terceiro trimestre.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>Consistirá en:<br><br>▪ Preguntas sobre os contidos do curso, tanto dos do periodo presencial como sobre os de ampliación do periodo de confinamento, en soporte escrito ou audiovisual. 40% da cualificación.<br><br>▪ Breve análise e comentario de 4 obras elixidas entre as estudadas durante o curso ou durante o confinamento. 60% da cualificación.</td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>NON HAI</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) en 2º de Bacharelato | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ Reforzo e ampliación: lectura de textos sobre periodos da Historia da música e da danza, e escoita analítica de obras representativas destes periodos.<br>▪ Repaso e ampliación: cuestionarios, exercicios e actividades variadas sobre conceptos da Historia da música e da danza. Parte das actividades están baseadas en textos que aportan conceptos novos que amplían a materia. |
| **Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)** | ▪ O alumnado accede a todo este material por medio da Aula Virtual, e comunícase coa Profesora mediante o correo electrónico para resolver dúbidas ou dificultades. En ocasións moi puntuais hai comunicación telefónica con algúns alumnos ou vía Whatsapp.<br>▪ Neste nivel non hai alumnado sen conectividade, e detectáronse poucas dificultades (conexión a internet feble ou non dispor de ordenador para traballar comodamente). Todos poden acceder á Aula Virtual e ó correo.<br>▪ Sobre o 50% do grupo segue a materia e entrega as actividades; sobre o 30% segue ocasionalmente a materia e cumpre algunhas entregas; o 20% por cento restante segue pouco ou nada a materia e nunca entrega nada. |
| **Materiais e recursos** | ▪ Principalmente, textos e cuestionarios de elaboración propia.<br>▪ Audicións escollidas da plataforma Youtube.<br>▪ Cuestionarios interactivos e pasatempos, realizados pola Profesora con Hot Potatoes ou en Moodle; todos eles enlazados na Aula Virtual, permitindo recolle-la puntuación obtida por cada alumno.<br><br>▪ Equipo informático, conexión a internet e instrumentos musicais propios.<br>▪ Aula Virtual do Centro, correo electrónico e teléfono privados.<br>▪ Programas editores de audio, texto e partituras. |

| 4. información e publicidade en 2º de Bacharelato | |
|---|---|
| **Información ó alumnado e ás familias** | Comunicación mediante correo electrónico con reforzo a través dos titores de 2º de Bacharelato, e do teléfono nalgún caso. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |